



|  |  |
|--|--|
| <b>SUBVENCIÓN</b>                                | Programa de fomento de aloxamentos temporais, de modelos <i>cohousing</i> , de vivendas interxeneracionais e modalidades similares, do Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025, e se procede a súa convocatoria, con financiamento plurianual, para o ano 2023  |
| <b>CÓDIGO PROCEDIMIENTO</b>                      | <b>VI435C</b>  |
| <b>PUBLICACIÓN</b>                               | DOG no. 117 de 21/06/2023. RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do programa de fomento de aloxamentos temporais, de modelos <i>cohousing</i> , de vivendas interxeneracionais e modalidades similares, do Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025, e se procede a súa convocatoria, con financiamento plurianual, para o ano 2023 (Código de procedemento VI435C).  |
| <b>BASES REGULADORAS</b>                         | As bases reguladoras están recollidas na propia Resolución.  |
| <b>OBXECTO</b>                                   | Fomentar a vivenda cooperativa en cesión de uso e outras solucións residenciais modelo <b>cohousing, aloxamentos temporais ou outras modalidades similares, destinados ao alugueiro, á cesión en uso ou ao goce temporal en calquera réxime admitido en dereito, xa sexan de titularidade pública ou privada.</b>  |
| <b>PROCEDEMENTO</b>                              | <b>Concurrencia non competitiva:</b> Terase en conta a orde cronolóxica de entrada das solicitudes no rexistro electrónico da Xunta de Galicia. Para tal fin, considerarase data de presentación aquela en que a solicitude estea validamente cuberta e acompañada da totalidade dos documentos esixidos nas bases reguladoras e na correspondente convocatoria.   |
| <b>PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES</b>      | Dende o 22/06/2023 ata o 2/11/2023   |
| <b>REQUISITOS DAS ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES</b> | 1. Promocións de aloxamentos de nova construción, así como as promocións de modalidades residenciais tipo cohousing, de vivendas interxeneracionais ou similares que se vaian ceder en uso ou destinar ao alugueiro por un prazo de, polo menos, vinte anos. Inclúense, en ambos os dous casos, actuacións que procedan da rehabilitación de edificios. Este prazo computarase desde a primeira ocupación do edificio.<br>2. O destino por un prazo de, polo menos, vinte anos ao alugueiro ou á cesión de uso deberá constar, en todo caso, en nota marxinal no rexistro da propiedade. |

|                           |  |
|---------------------------|--|
|                           | <p>3. As edificacións das promocións de nova construción ou procedentes da rehabilitación de edificios que se acollan ás axudas deste programa deberán ser accesibles e estar en condicións de ser habitadas e ter unha cualificación enerxética mínima A, tanto en emisións de CO2 como en consumo de enerxía primaria non renovable.</p> <p>4. Deberán cumprir a normativa de habitabilidade de vivendas de Galicia.</p> <p>5. Estas axudas poderán solicitarse para a totalidade dos aloxamentos ou vivendas dunha promoción ou parte delas.</p>  |
| <b>PRAZO DE EXECUCIÓN</b> | <p>Deberán realizarse no prazo máximo de 36 meses desde a data de notificación da concesión da axuda que poderá estenderse a 38 meses cando se trate de promocións de máis de cincuenta aloxamentos ou vivendas.</p> <p>Nas actuacións de rehabilitación os prazos serán de 30 meses e 32 meses, respectivamente.</p> <p>Os prazos sinalados poderán prorrogarse por folgas, razóns climatolóxicas ou calquera outra causa de forza maior debidamente acreditada, e polo tempo de atraso imputable ás ditas causas.</p>  |
| <b>SOLICITANTES</b>       | <p>Nesta convocatoria 2023 poderán beneficiarse das axudas contempladas nesta convocatoria as entidades privadas e empresas promotoras de aloxamentos temporais, de modelos cohousing, de vivendas interxeneracionais e modalidades similares que cumpran os requisitos previstos nas bases reguladoras e nesta convocatoria.</p>  |
| <b>CONTÍA DAS AXUDAS</b>  | <p>1. Concederase unha axuda proporcional á superficie útil, tanto privativa do aloxamento ou vivenda como de espazos comúns e de interrelación, de ata un máximo de 420 euros por metro cadrado de superficie útil. A contía máxima desta subvención non poderá superar o 50 % do investimento da actuación cun límite máximo de 50.000 euros por aloxamento ou vivenda.</p> <p>2. Se a axuda se solicita soamente para unha parte dos aloxamentos ou vivendas dunha promoción, o importe máximo de 420 euros por metro cadrado de superficie útil aplicarase á superficie privativa dos aloxamentos ou vivendas obxecto da axuda e á parte proporcional da superficie útil de espazos comúns e de interrelación.</p> |

**DOCUMENTACIÓN A  
PRESENTAR COA  
SOLICITUDE**

As persoas interesadas deberán achegar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- a) De ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da persoa solicitante. A representación deberá acreditarse a través do modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ou por calquera outro medio válido en dereito. O modelo normalizado pódese descargar na seguinte ligazón: <https://sede.xunta.gal/modelos-normalizados>.
- b) Documento administrativo acreditativo da cesión ou a concesión administrativa do solo; escritura pública de constitución do dereito de superficie, de titularidade do solo ou do inmovible que se rehabilitará, segundo sexa o caso.
- c) Reportaxe fotográfica do estado actual da actuación, no suposto de actuacións de rehabilitación.
- d) Infografía da actuación que se vai executar.
- e) Memoria-programa da actuación, en galego e castelán, co seguinte contido mínimo:
  - Certificación urbanística do solo que habilite a execución da promoción.
  - Número de aloxamentos ou vivendas da promoción, cadro de superficies útiles de cada unha delas e dos seus anexos e prezo de alugueiro ou cesión en uso con indicación do número de aloxamentos ou vivendas para as que se solicita a axuda.
  - Descrición dos espazos comúns e de interrelación.
  - Acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos no punto 3 do ordinal sétimo.
  - Orzamento detallado da actuación para a que se solicita a subvención.
  - Programación temporal e pormenorizada da actuación coherente cos prazos establecidos nestas bases.
  - Análise da viabilidade económica da actuación.
- f) No caso de obras iniciadas con anterioridade á data da publicación no DOG desta resolución, certificado emitido polo/a técnico/a director/a das obras que acredite a data de inicio das obras, así como as obras pendentes de finalización.
- g) Certificado de eficiencia enerxética de proxecto que acredite a cualificación enerxética mínima A, tanto en emisións de CO2 como en consumo de enerxía primaria non renovable.
- h) Licenza municipal de obras ou, solicitude de licenza, no caso de non dispoñer dela.
- i) No caso de solicitudes presentadas por fundacións de interese galego, certificado da persoa responsable no que se acredite que a fundación teña presentadas as contas ao protectorado do exercicio inmediatamente anterior ao da correspondente convocatoria.

|  |  |
|--|--|
| <b>FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES</b> | <b>Presentación electrónica obligatoria</b> para todos los solicitantes.   |
| <b>INFORMACIÓN</b>                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>• 012</li> <li>• ÁREA PROVINCIAL IGVS OURENSE ..... 988 38 62 68</li> <li>• ÁREA PROVINCIAL IGVS LUGO.....982 29 46 02- 982 29 46 03</li> <li>• ÁREA PROVINCIAL IGVS A CORUÑA.....981 18 48 89</li> <li>• ÁREA PROVINCIAL IGVS PONTEVEDRA.....986 80 56 14- 986 80 56 30</li> <li>• SERVICIOS CENTRAIS IGVS.....881 99 90 16- 981 95 75 29</li> </ul> |
| <b>CONSULTAS</b>                             | <a href="mailto:planificacion.igvs@xunta.gal">planificacion.igvs@xunta.gal</a>   |